

Quere ser esta historia unha homenaxe a todos os Tuchos despistados que recorren á fantasía para enmascarar o medo, a pena e a rabia que senten por non ter feito ben os recados, ben sexa porque se confunden ou porque na súa falta de atención non lembran onde deixan as cousas.

O protagonista de *Tucho Despistes* perde a chaqueta, non sabe onde deixou a bicicleta, merca o que non lle mandan e por iso decide pedir axuda o peixe Pirucho e visitar no fondo do río os monstros causantes de tales desaguisados. Unha vez reunidos os datos ou indicios que o conducen ao descubrimento e/ou solución do problema queda tranquilo, volta á reali-

dade e na súa casa reina unha felicidade dende hai tempo agardada.

Os primeiros lectores teñen nunha das últimas achegas que Edicións Xerais de Galicia publica na colección “Merliño” de Ana Santiso ao panorama literario actual un referente á hora de analizar as condutas dos pequenos, tendentes, case sempre, a poñer escusas cando non actúan

Intensa aventura

Aceptar os despistes

MARÍA NAVARRO



como deben, sobre todo, diante dos pais que son os que

neste caso exercen de censores. E máis aló dun simple despiste mencionar as notas escolares que, se non son positivas, convértense nun motivo de preocupación para pais e fillos e Tucho que non é alleo a esta consideración afánase en buscar o camiño máis longo para amosar os seus resultados académicos, ata que cheo de valor e logo de percorrer unha intensa aventura acepta a realidade e todo comeza a circular polos vieiros da normalidade.

Xa se sabe: se un sae da pista, despístase e, ás veces, iso incomoda, pero hai que aceptalo.

SANTISO, Ana, Tucho Despistes, Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP.10, 20€